

## Área de Cultura, Participación Veciñal e Turismo



### Exposición de talla e gravados en madeira

Carlos Lamas Hermida é veciño de Valdoviño e desde hai 18 anos ten como afección a talla e gravados en madeira. Espuxo os seus traballos en distintos concellos da comarca.

**Duración:** 30 de novembro ao 30 de decembro.

**Lugar:** Casa da Cultura.

**Público:** Todos os públicos.

**Horario visita:** 09:00 a 14:00 horas e de 15:30 a 20:30 horas.

**Entrada:** Gratuita.



### Clases de Música

Profesor licenciado polo Real Conservatorio Superior de Música de Madrid imparte clases de guitarra (clásica, acústica e eléctrica) e piano en San Sadurniño. Horarios flexibles. Trato personalizado para cada alumno. Neste curso traballará tanto a linguaxe musical e a teoría como a aprendizaxe dun instrumento (guitarra e/ou piano).

**Lugar e Horarios:** Por determinar

**Nº de horas semanais:** 1 hora

**Idades:** Maiores de 5 anos

**Instrumentos para elixir:**

- Guitarra (clásica, eléctrica ou acústica).

- Piano.

#### Posibles Días:

- Guitarra: Luns, mércores, xoves, venres.

- Piano: Luns, mércores, xoves, venres.

**Inscripcións e información:** Manuel Tizón. Tlfn. 653.380.001 ou info@manueltizon.com

**Prezo:** - Grupo (2 persoas): 34 euros mensuais

- Individual: 60 euros mensuais

¡Este prezo inclúe todo o material necesario!

### Campaña de apoio a ALBA

Alba La Promesa ten 14 anos e padece unha lesión cerebral que avanza moi rápido. Necesita facer probas médicas e levar un tratamento que lle permita seguir gozando da vida. Esta situación supónlle aos pais moitos gastos e por iso Alba apela á nosa solidariedade pedíndonos que recollamos tapóns de plástico de todo tipo cos que poder botarlle unha man á súa familia.

Os tapóns que recollas podes deixalos na casa da Cultura, nos locais das entidades veciñais e nos bares e negocios colaboradores.



Se o prefires tamén podes facer unha doazón na conta de La Caixa 21004646112100294240

Nesta iniciativa colabora a Asociación de Pais de Nenos con Minusvalía AS.PA.NE.MI



## Área de emprego e desenvolvemento territorial

### Curso de técnicas de busca de emprego

**Datas:** Os días 12, 13 e 14 de decembro

**Horario:** de 16,30 a 19,30 horas (9 horas totais)

**Lugar:** Na Casa da Cultura

**Contidos:**

-Autocoñecemento e obxectivo profesional

-Mercado Laboral

-A busca de emprego activa e planificada

-Ferramentas na busca de emprego. O curriculum

-Como afrontar unha entrevista de traballo

-Fontes de Información a través de Internet. Por onde buscar emprego?

**Requisitos:** É imprescindible ter coñecementos informáticos a nivel usuario

**Custe:** De balde

**Inscripción:** A inscrición realizarase na Oficina de Orientación Laboral do Concello, de xeito presencial ou telefónico, chamando ao 981 49 00 27 (Excepto os Mércores). **O número de prazas é de 9** e cubriranse por orde de inscrición.

**Organizan:**



CeMIT | Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica

Envío sen enderezo postal

Núm. 51 - Nov. - Dec. 2012

# NOVAS



San Sadurniño  
www.sansadurnino.es

CONCELLO DE SAN SADURNIÑO • Avda. Marqués de Figueroa, nº 5 • 15560 SAN SADURNIÑO • Teléf. 981 490 027 • Fax: 981 490 474 • correo@sansadurnino.dicoruna.es

## Área de Cultura, Participación Veciñal e Turismo



### Teatro: "Kungfundidos"

**Día:** Sábado 24 de Novembro

**Hora:** 19:00 horas

**Lugar:** Local Social de Lamas

**Compañía:** Bucanero Teatro

**Xénero:** Comedia

**Dirección:** Bucanero

**Espectáculo:** "KUNGFUNDIDOS"

**Elenco artístico:** Pedro Picos-Mestre Ken son

Xosé Bonome-Mestre Ken Li

**Público:** Maiores de 16 anos

**Duración:** 60 minutos

**Prezo:** Gratuita

**Sinopse:** Dous grandes mestres formados en dous mosteiros segredos do Himalaia, descoñecidos para a civilización occidental ensinannos unha nova filosofía que os fixo ser quen son: o Te Likido.

Tras varios anos estudando esta nova filosofía, Bucanero volta ao camiño da ensinanza en clave de humor. Estes dous grandes mestres percorrerán todas as súas andanzas para amosarnos a súa orixe dende o principio, a orixe da súa amizade e a orixe e demostración do seu dominio sobre a mente humana.



### VIII Maratón de tute da U.D.C. Narahío

**Data:** Sábado 24 de novembro

**Hora:** a partir das 15:30 h.

**Lugar:** Local social da Veiga

**Número de parellas:** máximo 80

**Prezo:** 60 €/parella, cea e petiscos incluídos

**Premios:**

-1.000 puntos para a parella gañadora e unha viaxe a unha adega da Rioxa

-400 puntos para a parella subcampioa

-300 puntos para a 3ª clasificada

-150 puntos para a 4ª clasificada

-4 premios (750 puntos en total) para as catro primeiras clasificadas na 1ª repesca

-2 premios (300 puntos en total) para a gañadora e subcampioa da 2ª repesca

Para inscribirse cómpre chamar ao 981 490 302 en horario de oficina ou ao 699 228 227.

O sorteo realizarase o día 23 ás 20.00h no local social da Veiga.



### Teatro: "OÉ OÉ OÉ"

**Día:** Domingo 25 de Novembro

**Horarios:** 19:30 horas

**Lugar:** Casa da Cultura

**Compañía:** Teatro do Asteleiro

**Elenco artístico:** Veranio: Martín P. Ulfe.

Toñito: Alberto Suárez

Amancio: Lan Couce

**Dirección artística:** Marián Rei

**Dirección de escea:** Luis G. Ramos

**Deseño gráfico:** cesarpena.eu

**Xénero:** Comedia

**Público:** Maiores de 12 anos

**Prezo:** 3 euros ou 1,50 euros (menores de 18 anos e maiores de 65 anos)

**Sinopse:** Todo o país se prepara para un choque de vital transcendencia a vida ou morte no Sánchez Pizjuan. Os de Javier Clemente terán fronte a eles á sorpren-


dente campioa de Europa dos irmáns Laudrup, que xa venceron en Copenhague por 1-0 ao cadro español.

As dúas seleccións chegan a esta xornada final da liguña de clasificación para o Mundial de Estados Unidos cun único punto de diferenza a favor de Dinamarca.

Á terceira en discordia, Eire, abóndalle un empate no seu enfrontamento con Irlanda do Norte para acadar o pase.

Aveciñase unha xornada emocionante e dramática na que, talvez, a afección teña un papel decisivo...

Colabora





### III Guateque "Ghastas pista?"

**Data:** sábado 1 de decembro  
**Hora:** 23.00 h  
**Lugar:** Local social da Veiga  
**Entrada:** de balde.

Naraio reedita o seu exitoso guateque dos anos 60 e 70 incorporando este ano a década dos 80. Habrá música da época coa actuación do grupo Los Zares e picadiscos. Ademais tamén haberá premios para as mellores caracterizacións da época, xogos e máis sorpresas nun recinto decorado para a ocasión.



### Mostra de Cine en San Sadurniño

O audiovisual galego atópase nun período de madurez creativa e moitas das producións dos últimos anos son filmes dunha grandísima calidade que aínda non gozaron dunha distribución adecuada. Moitas destas obras leváronse a cabo grazas ao financiamento tanto público como privado de entidades, empresas e persoas de Galicia. Polo tanto, o principal obxectivo desta cita consiste en abrir un novo punto de encontro para o público galego.


A Mostra do Festival do Cine é unha selección dos considerados mellores traballos nas tres categorías: longametraxe, curtametraxe e videoclip. Son obras avaladas pola aceptación do público e que retratan a actualidade do cine galego.

**Días:** Domingo 2 de decembro  
 Domingo 20 de xaneiro  
**Lugar:** Casa da Cultura

**Público:** Todos os públicos  
**Entrada:** 3 euros ou 1,50 euros (cada día)

**Proxeccións:**  
 - Proxeccións do 2 de decembro:  
 16:00 h. Curtametraxes e videoclip  
 gañador do Festival  
 18:00h. Longametraxe:  
 Silenciadas  
 20:00 Longametraxe:  
 Relatos

- Proxeccións do 20 de xaneiro de 2013:  
 18:00 Curtametraxes  
 20:00 Longametraxe: Doentes



reencanto produções Musiquina

### PROGRAMACIÓN DAS FESTAS DO NADAL

#### "A Historia do Apalpador"

**Día:** Xoves 20 de Decembro  
**Horarios:** 19:00 horas  
**Lugar:** Casa da Cultura  
**Compañía:** Títeres Cachirulo  
**Espectáculo:** "A HISTORIA DO APALPADOR"  
**Público:** A partir de 3 anos  
**Duración:** 50 minutos  
**Prezo:** 5 euros ou 2,50 euros (menores 18 anos e maiores de 65 anos)  
**Xénero:** Monicreques  
**Sinopse:** O Apalpador é un personaxe da tradición popular galega nado no Courel. Está ligado ás festas do Nadal e gústalle compartir connosco estes bonitos días. É un pastor mangallón e bo, de mirada doce e longas barbas coloradas que, co seu abrigo cheo de remendos e a grandes zancadas, percorre Galicia enteira. Durante o ano fabrica carbón, vive dos froitos silvestres, caza xabarís, recolle mel e fai aparecer, coas pólas dos bosques e fragas, os xoguetes que as madeiras agochan. O Apalpador baixa aos pobos, visita aos nenos casa por casa e déixalles como obsequio castañas quentes e divertidos agasallos de madeira.



Colabora DEPUTACIÓN

### Contacontos: "Contos da Vía Láctea"

**Día:** Mércores 26 de Decembro  
**Horarios:** 19:00 horas  
**Lugar:** Casa da Cultura  
**Compañía:** Ni fu Ni fa Animación  
**Espectáculo:** "CONTOS DA VÍA LÁCTEA"  
**Público:** Maiores de 4 anos  
**Prezo:** 3 euros ou 1,50 euros (menores 18 anos e maiores de 65 anos)  
**Xénero:** Contacontos  
**Sinopse:** Entenderse non é doado cando vés doutro planeta, pero coa axuda do seu dicionario galáctico, Alexia -a emigrante plutoniana que aterra accidentalmente en Galicia- descubrirá que a Vía Láctea está intimamente relacionada cos tetos das vacas e que para observar as estrelas desde a terra o ideal é visitar o dentista. Tamén aprenderá que hai buratos negros nuns estranos e sofisticados instrumentos: bioenergéticos, artesanais, sostibles, reutilizables, ergonómicos e biodegradables chamados "Gaitas" aos que nunca lles acaba a batería.

Todo isto descubrira e aprendera Alexia na compañía do Chiflo, un gaiteiro afamado ao que tampouco lle acaba nunca a batería. Desta dobre visión do mundo galáctico-retranqueira xurdiran "Os contos da vía láctea", un libro de ruta de obrigada consulta para os emprendedores dispostos a mergullarse en lonxanos e interminables viaxes interestelares, sempre que a batería... estea chea.



Colabora DEPUTACIÓN

### Festa de NADAL INFANTIL

Festa infantil con música, xogos, cancións e visita do "Apalpador" (figura lendaria galega que achega os agasallos aos nenos polas datas de Nadal. Amósase como un xigante que baixaba das devesas e apalpaba as barriguiñas dos cativos).

**Data:** Venres 21 de decembro  
**Público:** Menores de 12 anos  
**Entrada:** Gratuita  
**Horario:** 17:00 a 20:00 horas  
**Lugar:** Casa da Cultura  
**Requisitos:**

- Entregar ficha de inscrición na Casa da Cultura
- Unha vez iniciada a festa os titores deberán abandonar o salón

#### Concerto: A MÚSICA DO NADAL A TRAVÉS DOS TEMPOS

Actuación da Coral Polifónica de Ortigueira, do Coro de San Sadurniño e do Grupo de música antiga.

**Data:** Venres 21 de decembro  
**Entrada:** Gratuita  
**Público:** Todos os públicos  
**Hora:** 20:30 horas  
**Lugar:** Convento do Rosario.  
**Colabora:** Parroquia de San Sadurniño



### Obradoiro elaboración de velas e obxectos do Nadal

Obradoiro onde as nenas e nenos realizarán diferentes agasallos para as súas familias con materiais de reciclaxe.

**Datas:** 2, 3 e 4 de Xaneiro  
**Público:** 4 a 12 anos (ambos inclusive)  
**Horario:** 11:00 a 12:30 horas

**Inscricións:** Concello de San Sadurniño  
**Nº de Prazas:** 20 (por orden de inscrición)  
**Data de Inscrición:** Ata o venres 28 de decembro.  
**Lugar:** Casa da Cultura  
**Prezo:** 6 euros



### Festa de REIS

Festa con música, xogos, cancións,... Unha vez rematada a festa, recibiremos aos Reis Magos de Oriente que traerán agasallos para todas as nenas e nenos de San Sadurniño.

**Data:** Sábado 5 de xaneiro  
**Entrada:** Gratuita  
**Público:** Todos os públicos  
**Horario:** 17:30 a 19:30 horas  
**Lugar:** Casa da Cultura